

→ **Escolle unha das dúas opcións (A ou B) e contesta as preguntas que se indican en cada caso.**

**OPCIÓN A**

**1. Le o seguinte texto:**

A primavera é como unha quizá man  
(que chega coidadosamente  
saíndo de Ningunha Parte ) arranxando  
unha ventá, cara a dentro da que todos miran (mentres  
todos quedan absortos  
ela arranxa e cambia coloca  
coidadosamente alí unha cousa  
estraña e aquí unha cousa coñecida) e

cambiándoo todo coidadosamente

a primavera é coma unha quizá  
Man nunha ventá  
(coidadosamente acá  
e alá movendo Novas e  
Vellas cousas, mentres  
todos miran absortos coidadosamente  
movendo unha quizá  
fracción de flor aquí colocando  
unha polgada de aire aí) e

sen romper nada.

\*

miña doce anciá etcétera  
tía Lucy durante a recente  
guerra sabía dicir e o que  
é máis dicíache precisamente  
a favor de que loitaban

todos  
miña irmá  
isabel creaba centenaes  
e)  
centenaes) de calcetíns para non  
falar de camisas e pasamontañas a proba de pulgas

etcétera bocamangas da etcétera, miña  
nai tiña esperanzas de que  
eu morrera etcétera  
valentemente por suposto meu pai poñíase  
ronco falando de como era iso  
un privilexio e se el puidera  
mentres tanto o meu

menda etcétera estaba deitado tan tranquilo et  
cétera  
(soñando,  
et  
cétera, co  
Teu sorriso  
Os teus ollos xeonllos e o teu Etcétera.

e.e. cummings. *Poemas*. "my sweet old etcetera", 1925-1935.

## 2. Cuestión única: realiza un comentario de texto do poema

Para guiar a túa resposta, podes tratar de redactar un texto de media extensión en que comentes os principais aspectos destacables do texto (podes, para iso, recorrer aos comentarios que xa realizaches ao longo do curso e tratar as seguintes cuestións: comentarios breves sobre o autor, a época e a obra en que se publica; tema do poema; descrición dos aspectos formais e de contido máis salientables do poema; voz poética; valoración e xuízo crítico do mesmo, etc

### OPCIÓN B

#### 1. Le o seguinte texto:

Tiña os pés diminutos,  
e, uns ollos, cor verde marihuana,  
aos catorce foi a raíña do instituto,  
o curso que repetín,  
as do oitavo dereita dixeron:  
"outra que sae ra",  
cando en *Crónicas Marcianas*, a viron  
facendo streap-tease.

Nas súas quimeras de *porcelanosa*  
conquistaba a Al Pacino,  
os do *Raio*... non eramos gran cousa  
para a súa mercede,  
se, a cativa de Mariquita Pérez,  
tivese un bo padriño,  
os produtores, que saben de mulleres,  
daríanlle un papel.

Pezón de amorodo, lingua de caramelo,  
corazón de bromuro,  
superbedette, puta de luxo, modelo,  
estrela de *culebrón*,  
había futuro, nas pupilas famentas  
dos homes maduros,  
namorarse un pouco máis da conta,  
era unha mala inversión.

Debutou de fulana de tal  
nun vil melodrama,  
cos seus vinte minutos de fama  
retirou a mamá,  
o guión esixíalle, cada vez, máis  
escenas de cama,  
aínda, por Vallecas, lle chaman:  
*Barbi Superestar*.

A noite antes da noite de vodas  
tirou a toalla,  
o noivo, cun frac pasado de moda,  
enviuvou diante do altar,  
mentres, Barbi, levitaba , na Harlay  
dun chulo de praia,  
que, entre o Tarot, Corto Maltés e Bob Marlay,  
lle propuxo abortar.

Ao inferno vaise por atallos,  
xiringas, receitas.  
Onte, feita un pingallo,  
dixome, no “tigre” dun bar:  
“onde está a canción, que me fixeches,  
cando eras poeta?”  
“Terminaba tan triste  
que nunca a puiden empezar”.

Por eses labios, que sabían a pucheiro  
de pensións inmundas,  
mataría eu, que, cando morro,  
xa nunca é por amor.  
Mastigábase, nos billares, que, o Raio,  
baixara a segunda,  
pola M-30, derrapaba o cabalo  
da desilusión.

Debutou de fulana de tal  
nun vil melodrama,  
cos seus vinte minutos de fama  
retirou a súa mamá,  
o guión esixíalle, cada vez, máis  
escenas de cama,  
por Vallecas, xa ninguén lle chama:  
Barbi Superestar.

J. Sabina (1999), *Barbi Superestar*

## **2. Cuestión única: realiza un comentario de texto do poema**

Para guiar a túa resposta, podes tratar de redactar un texto de media extensión en que comentes os principais aspectos destacables do texto (podes, para iso, recorrer aos comentarios que xa realizaches ao longo do curso e tratar as seguintes cuestións: características formais da canción, tema do texto, argumento, estrutura da canción respecto do contido, valoración e xuízo crítico, comentarios breves sobre o autor, a época e a obra en que se publica, voz poética, etc.